

# 8 de marzo

## día internacional da muller traballadora

de clase. Conscientes do que simboliza o 8 de Marzo, continuaremos co noso labor revolucionario de cuestionar e mudar o poder establecido, combatendo as políticas de recortes da dereita, defendendo os nosos dereitos e as nosas liberdades, nos centros de traballo, nos conflitos sectoriais, nas mobilizacións na defensa dos servizos públicos, do noso idioma, polo noso dereito a decidir.

E farémolo activamente, recollendo sinaturas para a ILP de Medidas para a creación de emprego en Galiza, espallando entre a cidadanía que hai alternativas para saír da crise, feitas dende unha perspectiva galega, de defensa dos nosos intereses; achegando propostas desde a perspectiva de xénero nas mesas de negociación dos convenios colectivos; a través da negociación de plans de igualdade de oportunidades nas empresas e de protocolos de prevención e actuación de acoso laboral, sexual e por razón de sexo; reivindicando a corresponsabilidade nas tarefas de coidado; pulando polo emprego dunha linguaxe non sexista; combatendo e denunciando a desigualdade salarial, a temporalidade e a precariedade laboral; por unha política real que garanta a compatibilidade entre o traballo e as responsabilidades familiares sen que sexa a custa de reducir salarios ou protección social; esixindo políticas de prevención e actuación fronte á violencia machista; loitando por un sistema de pensións público, socialmente xusto, que nos afaste da liña da pobreza.

A nosa loita é unha loita nacionalista, feminista e de clase. Por iso pulamos por un 8 de Marzo combativo, animándovos a participar activamente na manifestación convocada o vindeiro 9 de Marzo pola Plataforma Galega Polo Dereito ao Aborto que sairá ás 12 horas da estación do tren en Compostela, e o Día da Clase Obreira Galega, nas mobilizacións convocadas pola CIG o 10 de marzo, nas comarcas de Ferrol (ás 20 horas desde o local sindical), Compostela () e Vigo (ás 19:30 horas desde Vía Norte).



# QUÉRENOS NA CASA RESPOSTEMOS NA RÚA!

### Confederación Intersindical Galega Secretaría Confederal da Muller

Alfonso Molina s/n, 8ª planta Edificio sindical  
15008 A Coruña

Teléfonos: 981 16 92 93 - 981 90 06 33

Fax: 981 15 15 39

Correos:

muller.mocidade@galizacig.net

tecnica.igualdade@galizacig.net



# As políticas do PP prexudican seriamente os nosos dereitos!

**N**ON estamos para festas, nin frivolidades. Para nós o 8 de Marzo é unha data para a lembranza dunha loita aínda vixente e pendente de acadar. As mulleres da CIG seguimos na procura do recoñecemento dos nosos dereitos máis fundamentais; na confrontación contra unha crise económica, coa que se pretende a consolidación do sistema capitalista patriarcal e antigalego, que xera fame, miseria, desemprego e desarraigo, que nos nega o noso dereito a decidir como mulleres e como galegas.

En Galiza estamos a vivir un dos maiores retrocesos nos nosos dereitos, xa non só laborais, senón tamén civís e humanos: á reforma laboral, aos recortes sociais, á privatización dos servizos públicos, ao incremento das taxas xudiciais, dos prezos das matrículas no ensino público, dos comedores escolares, os recortes nas axudas económicas ou bolsas estudiantís, á suba de impostos, ao copagamento nos servizos de atención á dependencia, ao copagamento farmacéutico, á eliminación da universalidade no acceso aos servizos públicos de saúde, á redución dos salarios, ao abaratamento do despedimento, á reforma das pensións, ás altas cifras de desemprego, á emigración da mocidade, aos desafuzamentos, etc., temos que sumar tamén un marco legislativo que nos retrotrae a épocas do franquismo: reforma do Código Penal, o anteproxecto de Lei para a protección da seguridade cidadá, a reforma das mutuas, ou o ultra-conservador proxecto de Lei orgánica para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada.

As políticas do PP pasaron do recorte económico ao recorte ideolóxico. Do recorte de dereitos, ao recorte de liberdades. Todas estas iniciativas están deseñadas para empobrecer a clase traballadora galega, e tamén para criminalizar a protesta, co obxecto de minimizar a forza da nosa resposta.

Obedecen a unha estratexia da dereita de devolver as mulleres ao rol reprodutivo e de coidado, ou ben para explotarnos dobremente, pagándonos menos salario, e garantindo que contribuíamos ao sistema facéndonos cargo das tarefas de coidado, ao tempo que desempeñamos o noso labor no campo produtivo, coas consecuencias que isto ten para a nosa saúde, para a nosa economía, e na protección social.

A reforma das pensións, que introduciu o atraso na idade de xubilación e o alongamento do período para o cálculo das pensións, dificultou o acceso das mulleres a estas e reduciu a súa contía, xa que cotizamos menos anos por mor da precariedade laboral, por interrupcións ou diminucións da cotización derivadas do exercicio da maternidade e da conciliación.

A reforma laboral facilitou aínda máis o despedimento e a redución de salarios, precarizou e desregulou as condicións de traballo, fomentou o uso de contratos lixo para a mocidade, e permitiu que sexan as empresas e non as mulleres as que establezan os criterios para a concreción da redución de xornada por coidado, atendendo a necesidades produtivas e organizativas, limitando a redución só na xornada diaria, e posteriormente, aínda que ampliou o dereito para o coidado de menor dos 8 aos 12 anos, porén, non estendeu a duración da súa protección social (acceso ás prestacións da Seguridade Social), nin tampouco mellorou a protección no caso do coidado de dependentes.

A temporalidade e a precariedade laboral, xunto co traballo somerxido, seguen a ser aspectos definitorios do traballo das mulleres no sector privado. Mais a posta en marcha das medidas neoliberais de reestruturación económica baseadas en plans de austeridade tiveron tamén consecuencias moi negativas no sector público (ensino, saúde e nos servizos sociais e atención á dependencia), sendo este un dos máis afectados polos recortes, co consecuente efecto negativo sobre as mulleres, non só por termos unha maior representación nel, senón tamén por sermos as que máis acusamos os efectos da privatización e do copagamento nos servizos públicos e a desprotección social, e as que substituímos este recorte no gasto público, mediante o noso traballo invisíbel e non remunerado no ámbito do fogar.

Pretenden tomar o control dos nosos corpos, da nosa sexualidade, e así garantir a explotación e o control da vida das mulleres. En Galiza, opoñéndose desde a Consellaría de Sanidade á dispensación da pílula postcoital sen receitas nas farmacias, delegando a responsabilidade de asesorar a mulleres embarazadas a centros privados, relixiosos e antiabortistas, e no Estado eliminando do catálogo gratuito moitas das fórmulas máis empregadas polas mulleres de pílulas anticonceptivas, mesmo obstaculizando o acceso na rede pública a tratamentos de fecundación asistida a mulleres soas, e agora negando a posibilidade de interromper o embarazo. Todas estas iniciativas supoñen un negocio moi rendíbel para o sector privado, pero ademais, pretenden manter ligada a sexualidade á reprodución, vinculando a maternidade como o único camiño para a realización das mulleres, sometendo os nosos corpos aos seus ditados.

Mais as mulleres da CIG non podemos consentir esta tutelaxe, esta domesticación, non imos someternos á imposición. É tempo de saírmos á rúa, de facérmolos escoitar, de visualizármonos, de crearmos consciencia na sociedade a prol da igualdade; este é un campo de actuación propio da CIG como sindicato

## 8 de Marzo: Día internacional da muller traballadora